

# Nota de Prensa

## OS REPRESENTANTES SINDICAIS DO ENSINO CONCERTADO SOLICITAN POR CUARTA VEZ UNHA ENTREVISTA COA CONSELLEIRA

Os representantes sindicais de **FSIE**, **UGT**, **CCOO** e **USO**, intentaron por cuarta vez solicitar unha entrevista coa conselleira de Educación, Carmen Pomar, para tratar sobre a situación dos traballadores e traballadoras do Ensino Concertado.

As OOSS entenden que a homologación salarial e das condicións de traballo cos compañeiros da educación pública, a paga extraordinaria de antigüidade, a xubilación parcial, o acordo de mantemento de emprego e o pago delegado para o persoal de administración e servizos, entre outras moitas reivindicacións, non se poden dilatar máis no tempo. Os sindicatos recordan que levan máis de 9 anos intentando dialogar e advirten que se lles esgotou a paciencia: ***“Só nos queda un camiño, a mobilización”***.

No mes de xullo solicitaron unha reunión coa Conselleira de Educación polo trámite ordinario que foi remitida á Comisión Tripartita onde non participa a Conselleira. Na propia comisión recordáronlle ao Director Xeral que a Conselleira comprometérase a convocar ás organizacións sindicais un ano antes, compromiso que polo que se ve esqueceuse no tempo. O 18 de novembro, por orde da Sra. Conselleira Carmen Pomar Tojo, os representantes sindicais foron expulsados da Consellería de Educación cando pretendían trasladarlle á máxima responsable deste departamento a necesidade de manter dita reunión. O 4 de decembro volveron a solicitar unha reunión por correo electrónico, previa chamada telefónica, que segundo fontes da Consellería nunca chegou, cando non é certo.

**O 16 de decembro, os representantes das organizacións sindicais volveron a presentarse nas dependencias da Consellería para solicitar por CUARTA vez unha reunión coa Conselleira da que saíron só coa promesa de que se daría unha resposta.**

Fronte a unha petición de diálogo e negociación a Consellería resposta derivando a súa responsabilidade á Comisión Tripartita, cunha EXPULSIÓN por parte da Policía e con absoluta indiferenza.

